

**ACTAS DEL XIII
CONGRESO INTERNACIONAL
ASOCIACIÓN HISPÁNICA DE
LITERATURA MEDIEVAL**

(Valladolid, 15 a 19 de septiembre de 2009)

**IN MEMORIAM
ALAN DEYERMOND**

II

Editadas por
José Manuel Fradejas Rueda
Déborah Dietrick Smithbauer
Demetrio Martín Sanz
M^a Jesús Díez Garretas



VALLADOLID
2010

© Asociación Hispánica de Literatura Medieval, 2010

© Los autores, 2010

Reservados los todos derechos. Prohibida la reproducción parcial o total por cualquier medio, salvo para citas, sin permiso escrito de los propietarios del copyright

Publicado por el Ayuntamiento de Valladolid y la Universidad de Valladolid

Ni el Ayuntamiento de Valladolid, ni la Universidad de Valladolid (UVa) ni la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (AHLM) ni los editores son responsables de la permanencia, pertinencia o precisión de las URL externas o de terceras personas que se mencionan en esta publicación, ni garantizan que el contenido de tales sitios web es, o será, preciso o pertinente.

Edición realizada dentro del proyecto de investigación VA46A09 financiado por la Junta de Castilla y León.

Ilustración de la cubierta de María Varela

ISBN 978-84-693-8468-8

D.L. VA 951-2010

Impreso en España por
Valladolid Artes Gráficas

**A PROSA MEDIEVAL GALEGA
Á LUZ DO TESTEMUÑO DA
HISTORIA TROIANA (MS. 558 BMP):
APUNTAMENTOS CODICOLÓXICOS**

RICARDO PICHEL GOTÉRREZ
Instituto da Lingua Galega - USC

A PROSA MEDIEVAL GALEGA

Comezarei lembrando dúas características da prosa medieval galega directamente relacionadas co que aquí quero expoñer. En primeiro lugar, a nosa produción prosística conta co mérito de conformarse en moitos casos como un ente cultural recíproco, en relación á restante produción literaria peninsular. O esforzo de transmisión textual concibiuse en dúas direccións:

1. Dun lado, a través dun movemento cultural *centrípeto*, atopámonos con textos foráneos (casteláns, latinos ou galos) que son traducidos ao noso romance, especialmente no campo da prosa xurídica e historiográfica¹: as traducións galego-portuguesas e/ou galaico-leonesas do *Fuero Real*, das *Flores del Derecho*, do *Código de las Siete Partidas*, do *Ordenamiento de Alcalá*; a *Crónica Xeral* e *Crónica de Castela* (tradución da *Estoria de España*, nomeadamente a *Versión amplificada de 1289*, e da *Crónica de Castilla*), etc.

2. Doutro lado, a través dun movemento *centrípeto*, a transmisión cultural reflíctese en dúas fases de adaptación:

a) Por unha banda, conservamos textos foráneos que dependen dun orixinal occidental galego-portugués, p. ex.: a *Crónica del Moro Rasis* (tradución dun orixinal portugués), a *Crónica General de España de 1344* (tradución dun orixinal portugués, á súa vez, baseado en gran parte na trad. galega da *Crónica Xeral* e *Crónica de Castela*).

¹ Vid. Ramón Mariño Paz, *Historia de la Lengua Gallega*, Muenchen, Lincom, 2008, páxs. 70-72.

b) Por outra parte, debemos falar das *retraducións*, isto é: textos galego-portugueses traducidos a partir dun exemplar foráneo que, á súa vez, remiten a un orixinal occidental (en moitos casos perdido ou extraviado). Vexamos algúns exemplos, dos que falaremos devagar máis adiante:

- A *Crónica Troiana* galega, traducida en 1373 da *Versión de Alfonso XI* (ca. 1350), texto que, á súa vez, remite a un orixinal occidental (vid. infra).
- Unha tradución castelá da *General Estoria*, do séc. XV, a partir dunha versión galega que, á súa vez, é tradución do orixinal afonsino castelán.

Son, en definitiva, textos nos que a lingua de partida (a produtora) e a de chegada (a receptora) son substancialmente a mesma².

Outra interesante característica da prosa medieval galega é o *hibridismo idiomático e estrutural*, visíbel especialmente na prosa de índole historiográfica e xurídico-instrumental.

A. No primeiro caso refírome a dúas situacións de *alternancia ou mestura idiomática* entre dous códigos lingüísticos (galego-portugués e leonés; galego-portugués e castelán):

1. *Mestura idiomática*. Falamos de textos redactados nunha variedade ‘galaico-leonesa’, especialmente no ámbito da prosa xudicial ou lexislativa que é, en xeral, de aparición máis temperá (séc. XIII). Obras como os *Foros de Castelo Rodrigo*, e os fragmentos traducidos do *Fuero Juzgo*, as *Partidas* e *Flores del Derecho*, ilustran o *continuum* lingüístico iberorrománico deste momento, xa que amosan unha lingua de claro substrato galego-portugués interferida por trazos lingüísticos pertencentes á escrita leonesa³; situación, por outra parte, amplamente documentada na produción instrumental galego-portuguesa deste período⁴. Precisamente, sería lóxico pensar que a dita alternancia ou mestura idiomática quizais nalgúns casos estivera vinculada, en maior ou menor medida, coa confección das primeiras versións ou adaptacións

² José Luís Rodríguez, “De Castelhana para Galego-Portugués: as traducións medievais”, Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra, coords., *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, vol. II (*Literatura*), Santiago de Compostela, Universidade, páxs. 1292-1293.

³ Vid. Ramón Mariño Paz, op.cit., 2008, páxs. 72-78.

⁴ Vid. Ramón Lorenzo, “Emerxencia e decadencia do galego escrito (ss. XIII-XVI)”, Rosario Álvarez / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina, eds., *A Lingua Galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, vol. III, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega - Consello da Cultura Galega, páxs. 39-40; José António Souto Cabo, “Inventário dos máis antigos documentos galego-portugueses”, *Agália*, 85-86, páxs. 39-45; id., *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*, Revista Galega de Filoloxía (Monográfico nº 5), A Coruña: Universidade, páxs. 357-367.

peninsulares⁵ da prosa literaria de índole ficcional ou historiográfico-novelesca. Talvez os primeiros ensaios ou finalmente a base iberorrománica das adaptacións do *Roman de Troie* na Península foran redixidos neste *magma* lingüístico, o cal explicaría o substrato occidental latente e perfectamente discriminábel da *Versión en prosa e verso* (ou *Polimétrica*)⁶ ou da *Versión de Alfonso XI* (vid. infra), independentemente de que haxa evidencias máis ou menos nítidas dun antecedente galego-portugués fonogrficamente regular. Indo un pouco máis alá, quizais este feito teña vinculación cos occidentalismos que en múltiples ocasións se teñen rexistrado tanto en obras historiográficas, como en certos exemplares da *General Estoria* (p. ex. no ms. E do Escorial; vid. supra) e da *Crónica de 1404* (vid. infra), ou mesmo en diversos testemuños casteláns que transmitiron a materia artúrica⁷ (p. ex. *Libro del Santo Grial*, *Estoria de Merlin* o *Libro de Lanzarote*).

2. *Alternancia idiomática*. En segundo lugar, cómpre salientar a produción de manuscritos nos que, por diferentes razóns, fican fusionados fragmentos ou partes enteiras en galego con outros en castelán⁸. Poñamos dous exemplos, de motivación completamente distinta:

⁵ A este respecto vid. Santiago López Martínez-Morás, “Aparición e florecemento da prosa medieval galega”, *Na nosa lingoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Ana Isabel Boullón Agrelo, eda., Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega - Consello da Cultura Galega, 2007, páxs. 451-452.

⁶ A versión *Polimétrica* posúe unha nómina de atestacións de adscrición idiomática occidental nada despreziábel e que, sen dúbida, redundan favorabelmente na sólida hipótese da existencia dunha adaptación luso-galaica/leonesa previa ás adaptacións castelás que hoxe conservamos. Antonio García Solalinde (“Las versiones españolas del *Roman de Troie*”, *Revista de Filología Española*, 3, 1916, páxs. 127-128) e Ramón Menéndez Pidal (*Historia troyana en prosa y verso, texto de hacia 1270*, Madrid: Junta para Ampliación de Estudios - Centro de Estudios, 1934, páxs. xxii-xxiii) xa detectaran trazos escriptolingüísticos considerados por eles como ‘leoneses’ (ex. *niebra*, *plados*, *plez*, *sebrante*, *sobrevieno*, *ambidos*, *ela*, *máis/mais*, *lle(s)*, *progo*, *branco*, *se*, *señeridad*, *solombra*, etc.); mais, tal e como evidenciou Juan Casas Rigall (*La Materia de Troya en las letras romances del siglo XIII hispano*, Santiago de Compostela, Universidade, 1999, páxs. 234-236), a maior parte destes vocábulos son comúns tanto ao leonés (os falares occidentais) como ao galego-portugués. Mesmo se poderían distinguir diferentes extratos lingüísticos na composición desta versión prosimétrica: trazos galego-portugueses do seu modelo, hoxe perdido, xunto con trazos dialectais leoneses do(s) tradutor(es)/adaptador(es).

⁷ Neste sentido véxase o recente estudo de Bernard Darbord / César García de Lucas, “Reflexiones sobre las variantes occidentales de la materia artúrica castellana”, *Lenguas, reinos y dialectos en la Edad Media ibérica: la construcción de la identidad. Homenaje a Juan Ramón Lodares*, Javier Elvira / Inés Fernández-Ordóñez et alii, eds., Madrid - Frankfurt: Iberoamericana - Vervuert, 2008, páxs. 149-166.

⁸ Véxase a este respecto o traballo de José Luís Rodríguez, op. cit., 1999, especialmente as páxs. 1293-4.

2.a) Un dos testemuños da *Crónica de 1404* (de mediados do séc. XV) transmítenos esta compilación historiográfica xebrada lingüisticamente en dúas seccións: unha primeira en castelán –aínda que inzada de galeguismos e hipercharacterizacións– e outra no código natural do amanuense, o galego. Probabelmente este feito está motivado polo escaso coñecemento e competencia lingüística no uso escrito do romanzo castelán por parte do dito escriba⁹.

2.b) A *Historia Troiana*, coñecida como “bilingüe”, obxecto desta exposición, é un testemuño singularísimo que nos ofrece un reparto alternante entre folios redactados en castelán e galego dependendo exclusivamente da estrutura interna do exemplar, tal e como veremos ao longo deste artigo.

B. En canto ao segundo tipo de hibridismo, refírome a unha serie de obras nas que o seu armazón interno e externo experimenta unha transformación estrutural e/ou de contido, que, por así dicilo, convérteno nun novo testemuño. Tal e como veremos máis adiante, a *Historia Troiana* volve ser un bo exemplo desta circunstancia; no entanto, lembrarei agora outro caso ben coñecido e que xa foi citado máis arriba: as versións occidentais da *Estoria de España* (tamén denominada *Crónica General*) e da *Crónica de Castilla*, traducidas ao galego na 1ª metade do séc. XIV. Aínda que as dúas seccións funcionaron nun principio como textos independentes, ambas as dúas foron reunidas e encadernadas sen alteración ningunha, posibelmente xa no propio séc. XIV, e así se conservaron até a actualidade. Ademais, como ben demostrou o prof. Ramón Lorenzo¹⁰, a primeira sección da tradución (a *Estoria de España*) está feita en función da segunda (*Crónica de Castela*), o cal evidencia a interconexión existente entre as dúas obras.

ORIXE DA MATERIA DE TROIA. IRRADIACIÓN EUROPEA

A tradición clásica homérica (Iliada, Odisea) e virxiliana (Eneida) experimentou diversas reformulacións ideolóxicas e formais desde as primeiras centurias da nosa era. Así os testemuños do *Heroico* e o *Troico*, debidos a Filóstrato e Díon Crisóstomo respectivamente, dan conta dun discurso “antihomérico” no que se tenta probar que os troianos resultaran vencedores

⁹ Ademais do estudo recapitulatorio de Ramón Lorenzo (“La interconexión de Castilla, Galicia y Portugal en la confección de las crónicas medievales y en la transmisión de textos literarios”, *Revista de Filología Románica*, 19, 2002, páxs. 99-101), remito a dous traballos do autor que máis profundizou na transmisión textual desta obra, José Ignacio Pérez Pascual: *Crónica de 1404*. Tese de Doutoramento inédita. Universidade de Salamanca, Departamento de Lengua Española, 1990; “El castellano de la *Crónica General de 1404*”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, 18, 1991, páxs. 201-219.

¹⁰ Ramón Lorenzo, op. cit., 2002, páxs. 96-98

sobre os gregos. O cambio de orientación baseado no abandono das vellas formulacións fantásticas, propias da tradición homérica, reflectiuse na aparición dunha nova ideoloxía baseada na idea de “historiador verídico”, proceso culminado coa aparición dos textos de Dares (*Daretis Phrygii de excidio Troiae Historia*) e Dictis (*Ephemeris Belli Troiani*). A diferenza da épica fantástica do ciclo homérico, a narración manufacturada por estas dúas supostas testemuñas oculares da guerra ofrecía un relato continuo, cronolóxico e máis ou menos esquemático das batallas, o cal permitía una perfecta fusión coa estrutura narrativa da crónica medieval. A linguaxe sinxela, pouco esixente; a nitidez e atemporalidade da historia, as motivacións racionais das personaxes e, en definitiva, a utilidade e accesibilidade do texto de Dares (en moita menor medida Dictis), gozaban dun éxito sen precedentes na Europa medieval, en detrimento das sedutoras recreacións homéricas.

A loa á mítica orixe antiga dos principais pobos de Occidente foi o obxectivo prioritario da produción literaria europea do séc. XII, a imitación da lenda fundacional de Roma. A partir do *Roman de Brut*, obra de tradición artúrica onde se relatava a chegada a Gran Bretaña de Bruto (un troiano descendente de Eneas), o auxe da *imitatio* e *inuentio* no ecuador do séc. XII deu paso a relatos como o *Roman d'Énéas* e o *Roman de Troie* de Benoît de Sainte-Maure, cuxa proxección literaria non coñeceu fronteiras. Esta última obra, confeccionada cara a 1170 polo patrocinio de Enrique II de Plantagenet, inspirada no Dares como fonte principal e integrada por máis de 33.000 versos octosílabos, converteuse na gran crónica medieval inaugural dunha potente tradición literaria con repercusións na meirande parte da Romanía.

Dentro do *roman antique* francés, a ampla difusión da materia de Troia levouse a cabo a partir de diferentes reformulacións galas ou noutras linguas vernáculos europeas. Esgotada, en parte, a fórmula orixinaria da tradición homérica e asimilado o *Roman de Troie*, xurdiron desde o séc. XIII diversas reelaboracións prosísticas, motivadas, en parte, por unha necesaria adaptación das pasaxes nas que o verso ofrecía dificultades de comprensión e transmisión ou simplemente resultaba arcaico ou inadecuado¹¹. Cando menos consérvanse cinco versións distintas deste proceso de adaptación¹²; de entre elas, unha das

¹¹ Pedro Bádenas de la Peña, “La historia troyana medieval”, *Benoît de Sainte-Maure, El Roman de Troie. El Códice de la Guerra de Troya, Madrid*, VV.AA., eds., vol. II (*Libro de Estudios*), Madrid - Rusia, A. y N. Ediciones - Biblioteca Nacional de Rusia, páx. 36.

¹² A versión “común” (Prosa 1), a versión “meridional” (Prosa 2), o ms. Rouen (Prosa 3), o ms. Bodmer (Prosa 4) e Prosa 5 (vid. Vid. Marc-René Jung, *La légende de Troie en France au moyen âge: analyse des versions français et bibliographie raisonnée des manuscrits*, Basel-Tübingen, Francke, 1996).

máis coñecidas, *Prose 5*, circulou de xeito independente e tamén como parte integrante da segunda redacción da *Histoire ancienne jusqu'à César*, onde substitúe á narración de Dares da primeira redacción desta obra¹³. Outra das versións prosificadas do *Roman de Troie*, a “versión meridional”, coñeceu, á súa vez, unha reformulación latina, a *Historia destructionis Troiae*, redactada contra 1287 por Guido de Columna, quen manifesta interesadamente inspirarse no modelo antihomérico (Dares e Dictis) cando realmente se basea no texto francés de Benoît. No entanto, esta obra gozou dun rotundo éxito até o final da Idade Media, tanto dentro da península como noutros territorios europeos. Na península destaca en primeiro lugar a versión catalá de Jaume Conesa (*Les Històries troyanes de Guiu de Colupnes*) composta entre 1365 e 1374; a versión-compendio aragonesa realizada a instancias de Fernández de Heredia (entre 1377 e 1396); as *Sumas de historia troyana* compostas polo enigmático Leomarte do séc. XIV; a tradución castelá incompleta denominada *Coronica Troyana* redactada a finais do mesmo século, e a tradución de Pedro de Chinchilla feita para don Alonso Pimentel, terceiro conde de Benavente, en 1443. De todas elas, a que realmente chegou a popularizarse foi as *Sumas de historia troyana*, mais a través da *Crónica troyana impresa*, unha adaptación realizada a finais do séc. XV.

INTRODUCCIÓN DA LENDA TROIANA NA PENÍNSULA

As primeiras manifestacións da lenda troiana na península datan do séc. XI, tal e como revelan os frecuentes epitafios e composicións latinos da época¹⁴. Mais non é até o séc. XIII cando xorden en lingua vernácula as inaugurais manifestacións literarias deste ciclo, nun primeiro momento engarzadas como parte dun argumento máis amplo. Isto é o que acontece por unha banda no *Libro de Alexandre* e, por outra, na produción historiográfica afonsina (*Estoria de España* e *General Estoria*)¹⁵. Non obstante, segundo os testemuños

¹³ Marc-René Jung, op. cit., 1996, páxs. 440-563.

¹⁴ Vid. Helena de Carlos Villamarín, *Las Antigüedades de Hispania*, Spoleto, Centro Italiano di Studi sull'Alto Medioevo, 1996; id., “Algunas huellas de materia troyana en el Medioevo hispano”, *Gli Umanesimi Medievali. Atti del II Congresso dell' 'Internationales Mittellateinerkomitee' (Firenze, Certosa del Galuzzo, 11-15 settembre 1993)*, C. Leonardi, ed., Firenze, SISMEL - Edizioni del Galuzzo, 1998, páxs. 85-95; Ramón Lorenzo, *Crónica Troyana. Introducción e texto*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985, páxs. 23-24.

¹⁵ Para a adaptación da materia clásica nas letras hispánicas duocentistas vid. Juan Casas Rigall, op. cit. 1999. O *Libro de Alexandre* foi reeditado recentemente polo mesmo autor (*Libro de Alexandre*, Madrid, Castalia, 2007). Para a *Estoria de España* vid. a 3ª reimpresión (1977 [1906]) da edición de Ramón Menéndez Pidal e colaboradores, que inclúe o estudo actualizador de Diego Catalán (*Primera Crónica General*, Madrid, Bailly-Bailliére e Hijos). A *General*

conservados, o tratamento non limitado ou fragmentario do mito non aparece até ben entrado o séc. XIV.

Tradicionalmente considérase que a primeira obra con dedicación exclusiva á materia clásica é a *Historia troiana en prosa e verso*, máis comunmente denominada *Polimétrica*, cuxo orixinal foi inicialmente datado, segundo o seu primeiro e único editor¹⁶, no último terzo do séc. XIII (ca. 1270). A proposta pidaliana, non obstante, veu sendo sometida a revisión por numerosos autores (entre outros, Deyermond 1971 e 1975, Ferraresi 1976, Haywood 1996, Peláez 1996) e, na actualidade, resulta maiormente aceptada unha cronoloxía posterior, próxima á composición da *Versión de Alfonso XI* (vid. infra) ou mesmo posterior¹⁷. Este proxecto editorial prosimétrico chegou a nós transmitido en dous códices misceláneos, independentes entre si, custodiados na Biblioteca Nacional de Madrid (M) e no Escorial (M' ou E)¹⁸. Se ben, o seu núcleo orixinario parte do poema de Benoît, posteriormente confluíron en ambos os dous cartorios fragmentos procedentes da *Versión de Afonso XI* (en M e M'), da refundición latina de Guido de Columna (en M'), e da interpolación de materia clásica presente na *General Estoria* (en M)¹⁹.

A copia e iluminación da versión promovida por Afonso XI, con vistas á formación do seu fillo, o infante don Pedro, foi rematada en 1350²⁰ e supón

Estoria recolle, en moi diferente grao, materia troiana nas súas tres primeiras partes (eds. de Antonio García Solalinde / Kasten / Oelschläger, 1961-67 [1ª e 2ª parte]; Pedro Sánchez-Prieto Borja, coord., 2009 [recente ed. íntegra das 6 partes da GE]. Agradezo a Belén Almeida e a Pedro Sánchez-Prieto a súa amabilidade ao deixarme consultar algúns fragmentos da edición cando aínda estaba no prelo.

¹⁶ Ramón Menéndez Pidal (e E. Varón Vallejo), op. cit., 1934.

¹⁷ Juan Casas Rigall, op. cit., 1999, páxs. 214-238.

¹⁸ BN, ms. 10.146 (copiado a mediados do séc. XIV); Escorial, ms. L. II, 16 (en papel e con letra de finais do séc. XIV).

¹⁹ Vid. Antonio García Solalinde, op. cit., 1916, páxs. 124-128; Agapito Rey / Antonio García Solalinde, *Ensayo de una bibliografía de las leyendas troyanas en la literatura española*, Bloomington, Indiana University, 1942, páxs. 36-37; Ramón Menéndez Pidal, op. cit., 1934, páxs. xx-xxii; Juan Casas Rigall, op. cit., 1999, páxs. 209-238.

²⁰ Sorprendentemente só existe unha -moi deficiente- edición deste magnífico exemplar realizada por Kelvin Parker en 1977. Na actualidade Claudia D'Ambruso prepara unha nova e definitiva edición crítica do texto, tendo en conta a tripla colación deste manuscrito cos testemuños galegos (*Crónica e Historia Troiana*) e cos fragmentos integrados en M e M' (vid. Claudia D'Ambruso, "Per una edizione critica della *Crónica Troyana* promossa da Alfonso XI", *Troianalexandrina*, 7, 2007, páxs. 9-143; id. "Sulle relazioni testuali fra il manoscritto G della *Crónica Troiana* ed i testimoni della *Versión de Alfonso XI*", *Troianalexandrina*, 9, 2009, páxs. 17-32; Rosa María Rodríguez Porto, *Introducción al estudio de la Crónica Troyana de Alfonso XI: cultura libraria y libros iluminados en Castilla (1284-1369)*. Tese de Licenciatura inédita. Santiago de Compostela, Universidade, 2006.

unha tradución –indirecta (vid. infra)– do *Roman* de Benoît. Esta crónica consérvase íntegra nun fabuloso manuscrito iluminado custodiado no Escorial (Ms. H.I.6) e, parcialmente, noutros tres testemuños: nos mss. que conteñen a versión *Polimétrica* (M e M') e na *Historia Troiana* (vid. infra).

UNHA FONTE IBERORROMÁNICA COMÚN. IMPLICACIÓNS GLOTOLÓXICAS

Se ben rexistramos diversos puntos en común entre as prosificacións galas e as adaptacións peninsulares²¹, o estado das investigacións actuais segue considerando o *Roman de Troie* como o modelo máis próximo ás refundicións peninsulares. Non obstante, esta filiación non é directa, xa que se teñen detectado *loci critici* vinculantes a unha fonte iberorrománica común. O modelo orixinario hoxe perdido tense adscrito glotoloxicamente en diversas ocasións ás variedades idiomáticas occidentais: ben galego-portugués, ben leonés ou (galaico-)leonés.

“La *Polimétrica* y la *Versión de Alfonso XI* no son traducciones independientes de una versión del *RT*, sino textos muy estrechamente filiados desde su propia génesis. En concreto, ambas adaptaciones hispanas derivan de una misma fuente iberorrománica, como deja entrever de manera particularmente diáfana el uso común de refranes sin correspondencia en el texto francés”²².

Así, a partir da *Versión de Alfonso XI* (A) traducírase -ou mellor dito, *retraducírase*- ao galego a *Crónica Troiana* (G), manuscrito copiado, en parte, polo capelán Fernán Martíns a instancias do conde Fernán Pérez de Andrade en 1373. Este exemplar permítenos traballar con dúas hipóteses, en gran medida contrastadas:

a) A vinculación de A e G non é directa, xa que existen suficientes *errores separativos* detectados no ms. réxeo que, en cambio, non se transmitiron á copia galega.

“L’esame comparato della *Versión de Alfonso XI* con la fonte francese evidenzia come il testo iberico non sia una traduzione letterale del poema de Benoît, quanto piuttosto una prosificazione spagnola, nella quale alcuni passi vengono condensati ed altri amplificati rispetto al suo modello. È improbabile che due traduttori diversi, utilizzando, uno la fonte francese e l’altro una versione iberico-occidentale, siano arrivati a produrre testi tanto simili. Riteniamo pertanto più plausibile la possibilità che tutti i testimoni derivino da un

²¹ Particularmente a ‘versión meridional’: vid. Ramón Lorenzo, op. cit., 1985, páxs. 18-20 e 68-70; Juan Casas Rigall, op. cit., 1999, páxs. 217-222.

²² Juan Casas Rigall, op. cit., 1999, pág. 236.

archetipo che conteneva características occidentais, il quale in fase di copiatura subì un proceso di castiglianizzazione²³.

b) A colación destes dous testemuños ofrece tamén datos, en gran medida concluíntes, que revelan a necesaria existencia dun ms. redactado en lingua occidental base da versión castelán –ou castelanizada– de Alfonso XI. Tal e como se puido observar na intervención de Claudia d’Abruso, tal hipótese atópase avalada pola considerábel atestación de formas inequivocamente reinterpretábeis como traducións erradas do romance galego-portugués ou, cando menos, galaico-leonés. Na seguinte táboa ofrezco un compendio abreviado de exemplos:

SEGMENTACIÓN SINTAGMÁTICA	A	<i>Oprolfortis</i> (antrop.)
	G	<i>o prol Fortes</i> (det. + adx. + antrop.)
	A	<i>et desfazia muy bien apriessa a derredor de ssi</i> (adv.)
	G	<i>et desfazia moy ben a pressa arredor de ssy</i> (art. + subst.)
MOTIVACIÓN MORFOLÓXICA	A	<i>otra grand az fizieron de los reyes de Lira</i> (prepág. + art.)
	G	<i>Jtem a XXJ^a aaz fezeronna dous reys de Lyra</i> (numeral)
	A	<i>yo cuydo que agora será tiempo [...] en que perderuos a fuerça</i> (prep.)
	G	<i>eu coydo que agora será tenpo [...] en perderdes a força</i> (art.)
	A	<i>¡que grand perda et que grand mal que se Eytor non puede aquel dia sofrer de salir a la batalla!</i> (vb. presente < α *pode ‘puido’)
	G	<i>¡que gran perda et que gran mal que sse Eytor non podó aquel dia soffer de sayr aa batalla!</i> (vb. perfecto)
MOTIVACIÓN GRAFO-FONÉMICA	A	<i>non auya arco njn bestia que tan ayna pudiesse lançar vna saeta</i> (‘animal’ < α *beesta/baesta)
	G	<i>non auja arco nen baesta que tan agiña pudiesse lançar vna saeta</i> (‘arma’, cast. ballesta)
	A	<i>et si me los dioses diessen la muerte ante de la mañana, esto sería quiça de pesar et de coyta en que so</i> (vb. ser)
	G	<i>et se me os deuses dessen a morte ante de manãa, en esto seyría da coyta</i> <i>et do pesar en que são</i> (vb. med. saír)
MOTIVACIÓN ESCRIPOLÓXICA	A	<i>tales de que nós fincasemos pagados et onrrados enante querría seer despedaçado</i> (confusión <n> por <u>)
	G	<i>taes de que nós ficaseamos onrrados et pagados, eu ante quiria seer espedaçado</i>
MOTIVACIÓN SEMÁNTICA	A	<i>et los oios traen en el meollo de los pechos</i> (‘medio’ < α *meogo?)
	G	<i>et los ollos trágenos enno meo dos peytos</i>
	A	<i>demás pusieron por testimonjos</i> (‘testigos’ < α testemoias)
	G	<i>demays poseron por testemoias</i>

En definitiva a vinculación entre as diferentes tradicións discursivas locais ten a súa orixe nos textos galos que penetran na Península a través de distintos focos de transmisión cultural, especialmente o *Camiño de Santiago* (p. ex.

²³ Claudia D’Abruso, op. cit., 2007, páx. 38.

Codex Calixtinus, Liber Sancti Jacobi > lendas de Carlomagno e Roldán) e os vínculos da corte portuguesa con Francia (Afonso III: 1248-1282, Conde de Boloña, volta a Portugal arredor de 1245). Deste xeito chegan ao occidente textos galos pertencentes aos ciclos bretón e clásico, a partir dos cales se realizan diversas traducións ou refundicións.

APROXIMACIÓN AO TESTIMONIO DA *HISTORIA TROIANA*

A *Historia Troiana*, tradicionalmente denominada “bilingüe” (B), é un manuscrito custodiado na Biblioteca Menéndez Pelayo de Santander (Ms. 558). As poucas referencias que até o de agora se fixeron deste exemplar²⁴, sitúan a parte galega no último terzo do séc. XIV; a sección castelá sabemos que é anterior, probablemente da década dos 60, debido fundamentalmente á datación aproximada das miniaturas e das filigranas presentes na maior parte dos folios²⁵.

APUNTAMENTOS GLOTOLÓXICOS

O manuscrito, como xa apuntei na introdución, combina o uso do galego e do castelán, pero de forma independente. Esta autarquía está motivada por un factor de índole puramente codicolóxica e devén do proceso mesmo de restauración ao que foi sometido: o texto galego posúe a función de completar as lagoas descontinuas que presentaba o manuscrito inicial, redactado orixinariamente no romance castelán.

²⁴ A máis recente é a contida no traballo de Marcelino González Pascual, *Manuscritos anteriores a 1500 de la Biblioteca de Menéndez Pelayo. Tres estudios y catálogo*, Santander: Concejalía de Cultura, 2000, páxs. 247-250. A única transcripción do texto, por parte de Kelvin Parker (*Historia Troyana*. Santiago de Compostela, CSIC - Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1975), volve ser unha edición moi deficiente desde todo punto de vista (cfr. Ramón Lorenzo, “Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker”, *Verba*, 9, páxs. 253-290). Vid. unha nova aproximación e recapitulación en Ricardo Pichel Gotérrez, “La circulación de la materia de Troya en la baja Edad Media y su reflejo en las letras gallegas: aproximación al testimonio de la *Historia Troiana* (BMP 558)”, *Estudios sobre la Edad Media, el Renacimiento y la temprana Modernidad*, Francisco Bautista Pérez / Jimena Gamba Corradine, eds. San Millán de la Cogolla: La SEMYR - El SEMYR - CiLengua, 2010, páxs. 331-345; id. “A peregrinaxe das versións galegas do ciclo clásico na Idade Media”, *In marsupiiis peregrinorum. La circulación de textos e imáxenes arredor del Camino de Santiago en la Edad Media*. Esther Corral, eda. Firenze: ed. Sismel / Edizioni del Galluzzo, 2010, pp. 439-454.

²⁵ Na actualidade atópome no último tramo da miña tese de doutoramento, dirixida polos profesores doutores Xavier Varela Barreiro e Ramón Mariño Paz, e consistente na edición crítica e estudo histórico-filolóxico deste manuscrito. A conclusión da análise paleográfica de ambas as dúas seccións (galega e castelá) dará luz, sen dúbida, a esta cuestión, e completará a análise codicolóxica da que aquí só se mostra un extracto.

DISTRIBUCIÓN DO CONTIDO E DESCRICIÓN DOS FOLIOS

O códice componse de 220 folios, 140 en castelán e 80 en galego. No entanto, tal desproporción só é numérica, xa que realmente é o texto galego o que posúe unha extensión maior de contido, debido a que cada páxina contén máis liñas e a escritura é máis condensada e pequena ca nos folios casteláns.

Os folios casteláns caracterízanse por unha gran cursividade e abreviación da letra, por unha rubricación e rotulación desaliñada e desordenada, unha impaxinación sinxela e prosaica en xeral. Por outra banda, é salientábel o soporte híbrido dos cadernos, xa que se trata dun infrecuente exemplar *mixto*: a utilización de papel/pergameo dátaa a estrutura fascicular: membranáceo nos bifolios extremos (interior e exterior), cartáceo no corpo do fascículo. A mutilación ou deterioración coetáneas do soporte, a desorganización e desubicación externa (folios ou cadernos) e interna (discursiva), e a confección pouco coidada do testemuño inicial (en castelán), invita lanzar a hipótese de que se trata dun exemplar definíbel como *testemuño de baixa representatividade literaria*, en canto que a súa feitura non semella dependente –cando menos de xeito directo– dun proxecto editorial finalizado, senón que parece remitir a un estadio editorial anterior. Unha etapa previa talvez próxima á da confección dos primeiros bosquejos ou testemuños-guía nos que se ensaiaba a compilación de materiais (vid. infra) que finalmente derivou na *Historia Troiana*.

En cambio, os folios galegos conteñen unha letra gótica igualmente cursiva pero de mellor feitura e máis pousada, con diversos ornamentos afilegranados (especialmente nas letras capitais), rúbricas mellor coidadas e caldeiróns encarnados e azuis. Por outra parte, o códice conta con sete miniaturas presentes única e exclusivamente na parte castelá, algunhas rematadas (fols. 19v, 22r, 23r, 24v, 27r, 42r e 44r), outras só bosquexadas (fols. 29v, 30rv 59v); se ben o proxecto editorial habilitou arredor de 150 espazos –a maior parte deles incluídos na sección galega– reservados para outras tantas ilustracións que nunca chegarían a ser confeccionadas.

FONTES E ESTRUTURA DO CONTIDO

Outra rechamante particularidade deste exemplar vincúlase ás fontes empregadas para a confección do seu discurso literario, tanto do orixinal castelán como da sección completada en galego. En efecto, a interconexión do ciclo clásico nas nosas letras ilústrase de xeito excepcional neste manuscrito, xa que nel pivota unha tripla conformación “híbrida”, non só do punto de vista glotolóxico e codicolóxico, como vimos de anunciar, senón tamén do punto de

vista temático. O que nos atopamos na *Historia Troiana* é unha tentativa de ensamblaxe de materiais procedentes da tradición discursiva peninsular (*Versión de Alfonso XI*) e materiais vinculados á produción historiográfica afonsina: a *General Estoria*²⁶. Os folios implicados nesta *amplificatio* literaria pertencen tanto ao copista castelán como ao galego, o cal demostra o coñecemento, por parte de ambos os dous amanuenses (autores ou mecenas), da compilación de materia troiana integrada, cando menos, nas dúas primeiras partes da crónica universal instigada polo rei Sabio.

Neste punto, é pertinente salientar que un dos testemuños (**Mb**) da *Versión en prosa e verso* ou *Polimétrica*, contén igualmente unha fusión entre os fragmentos das adaptacións castelás e materiais contidos na *General Estoria*. Se ben existen erros separativos entre o manuscrito “bilingüe” e a *Polimétrica* que descartan a filiación directa entre eles, tal coincidencia permitiu establecer a hipótese de que ambos os dous testemuños proceden dunha fonte común.

ESTRUTURA INTERNA

O manuscrito da *Historia Troiana*, tal e como hoxe o conservamos, sufriu diferentes mutilacións e o seu estado de deterioración foi diverso. Por outra banda, ao exemplar practicáronse cando menos dúas restauracións, a partir das cales a súa estrutura orixinaria experimenta unha transformación notábel. Na actualidade presenta 28 cadernos mixtos (corpo cartáceo e cubertas membranáceas). A estrutura de cada caderno varía en función da deterioración do soporte orixinal. En liñas xerais, o corpo dos cadernos orixinarios casteláns (8 bifolios papel + 2 bifolios pergameo como cubertas) chegou parcial ou totalmente mutilado a mans do restaurador galego²⁷.

Deseguido exporei sumariamente a reconstrución das fases codicolóxicas, facendo fíncapé na primeira intervención restauradora detectábel no manuscrito, levada a cabo polos artifices galegos do último terzo do séc. XIV.

²⁶ Se ben as referencias e reminiscencias ao mito son habituais dentro do discurso narrativo de todas as partes da *General Estoria*, as pasaxes máis estritamente vinculadas coa materia troiana (“Estoria de Troya”) aparecen nos caps. 437-621 (Libro de *Jueces*) da 2ª parte. En menor medida na 3ª (fols. 42r-91r segundo o ms. escurialense Y-i-8) e tamén na 1ª parte (título XXII, caps. 22 e 23). Este último fragmento constitúe o inicio (fol. 1rv) do noso manuscrito (aspecto inadvertido na edición de Parker). Vid. Ricardo Pichel Gotérrez, “Aproximación a un testimonio indirecto (BMP ms. 558) de la sección troyana de la General Estoria”, *Actas del III Congreso Internacional de la SEMYR* (no prelo).

²⁷ Vid. Ricardo Pichel Gotérrez, “Contribución a la codicología de manuscritos hispánicos trecentistas. Evolución y alteraciones fasciculares de la Historia Troiana (BMP ms. 558)”, *British Archaeological Reports* (no prelo).

Posteriormente, talvez na Alta Idade Moderna, o manuscrito experimentou unha nova actividade de restauración, mais neste caso, de carácter completamente distinto e parcial.

Fase I. *Ms. Orixinario* (MO)

Alguén confecciona MO na 2ª metade do séc. XIV un testemuño en certa medida preparatorio e talvez froito dunha coetánea ordenación dos materiais discursivos, destinados a elaborar unha gran crónica de materia troiana.

Fase II. Primeira mutilación: *Ms. Orixinario Mutilado* (MOM)


Nos anos posteriores, debido á funxibilidade do soporte (maioritariamente papel) e á súa confección relativamente rápida e pouco coidada, o códice sofre unha deterioración relevante que se reflicte na conseguinte perda ou extravío de (bi)folios, así como na desconfiguración da súa estrutura fascicular.

Como veremos a continuación, un factor determinante para o *modus operandi* da primeira restauración do códice, é a conservación ou desaparición dos bifolios membranáceos orixinais (casteláns), especialmente o central. Este bifolio é clave, xa que a súa ausencia ou mantemento vai implicar unha intervención distinta.


Fase III. Primeira intervención restauradora: *Ms. Híbrido reconstruído* (MH)

MOM é reconstruído por un editor/restaurador galego no último terzo do s. XIV. Este restaurador enmenda as perdas de MOM de diversas maneiras, dependendo, como acabo de dicir, da mutilación ou deterioración sufrida:

a) *Substitución íntegra* dun caderno castelán, debido á perda -íntegra ou parcial- do seu soporte. Neste senso, cómpre lembrar que as adicións galegas sempre son en pergameo, co que obriga ao restaurador a substituír o contido dos folios orixinais cun conxunto limitado de bifolios (non máis de 5), probablemente debido á dureza do soporte no proceso de cosido fascicular.




b) *Adición selectiva* de (bi)folios –membranáceos– de todo o contido que se perdera. Este é o caso do terceiro caderno actual: ante a ausencia de dous bifolios orixinais, insírense dúas planas galegas de contido equivalente, unidas entre si con cartivana e intercaladas na orde correspondente.




c) *Reestructuración da configuración fascicular* de MOM nos casos en que a mutilación era maioritaria ou a deterioración estaba suficientemente avanzada. Deste xeito non se respecta o número de cadernos orixinal, senón que algúns deles teñen que ser desmembrados para a súa posterior reconstrución co novo soporte (pergameos galegos). Dita reconstrución foi realizada por medio dunha *multiplicación fascicular* que, á súa vez, se executou de distintas maneiras, dependendo do estado de conservación do soporte orixinario e a conveniencia da súa posterior encadernación:

c.1) 1 caderno orixinal > 2 cadernos reconstruídos. Aquí pódense dar dous casos:


Desaparición ou non utilización de soporte castelán (ex.: cadernos 1-2). Este representa tamén un exemplo de *substitución íntegra*.



Presenza ou aproveitamento de soporte castelán (bifolio cuberta). Exs.: cadernos 22-23 e 26-27.



c.2) 1 caderno orixinal > 3 cadernos reconstruídos (exs.: cadernos 4a-6-4b-5, 8-9-10, 12-[12']-[12''] (vid. infra), e 15-16-17). Nestes casos, conserváranse ambos bifolios en pergameo do orixinal castelán (interior e exterior). Desta forma o restaurador repite o proceso de multiplicación fascicular, pero utilizando o bifolio central castelán como un *singulión*; isto é, como un caderno independente. Vexámolo no seguinte gráfico:




Isto acontece presumibelmente por varios motivos de diferente índole:

a) Desde un punto de vista puramente loxístico, resulta máis vantaxoso e económico para o restaurador o cosido/pegado das planas soltas do bifolio exterior a un caderno novo. Ademais, xa se dixo que a cantidade de bifolios pergameos encadernábeis é limitado.

b) Desde un punto de vista menos formal, ou de contido, ao restaurador resúltalle menos complexo illar cadernos equivalentes ao contido presente nos papeis casteláns (8 planas normalmente). É dicir: resulta máis doado crear bloques de contido independentes, que calcular ou deseñar os bifolios precisos para intercalar e empalmar satisfactoriamente co bifolio central castelán.

A complexidade desta empresa de edición e restauración medieval, sorprendente para esa altura e nas coordenadas espazo-culturais nas que nos movemos, reflectiuse de diversas maneiras. Transcendeu desde logo as lóxicas e comprensíbeis omisións de contido ou as deslocalizacións de (bi)folios ao longo da súa transmisión textual. E foi obxecto das reflexións dos propios receptores e manipuladores do texto; unha reflexión que se fixo explícita en varias ocasións nas marxes do propio manuscrito, tal e como se pode comprobar nestes dous exemplos.

a) No fol. 174v, precisamente un dos que na actualidade está fóra de lugar, alguén comenta: “Pareçeme que aqui mjngou moyta rrazon que aqui non acharon”. Co que se está facendo referencia á complexidade do empalme do discurso narrativo, á hora de completar o manuscrito castelán mutilado.



b) No fol. 28v, lemos “conta viij follas adiante”, apuntamento que remite á desubicación (conservada na actualidade) dun caderno enteiro.

